

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 18 de xullo de 2017 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro público Escola Galega do Deporte, de Pontevedra, para impartir o bloque común das actividades de formación deportiva.

A Secretaría Xeral para o Deporte, órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de deportes, solicita autorización para impartir o bloque común propio das actividades de formación deportiva, de conformidade coa Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, que regula os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva a que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro (BOE do 8 de febreiro de 2014).

O Decreto 410/2003, do 6 de novembro, regula os requisitos e o procedemento para a autorización a centros privados e a centros públicos que non sexan de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para impartir ensinanzas de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia; norma desenvolvida polas ordes desta consellería do 12 de abril de 2004 e do 23 de abril de 2004, nas cales se determinan o procedemento de autorización e os requisitos mínimos dos espazos administrativos e docentes xenéricos con que deben contar os centros.

Por isto, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Primeiro. Autorizar a apertura e o funcionamento e o bloque común propio das actividades de formación deportiva a que fai referencia a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, reguladas na Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, do centro público que se sinala a seguir:

Denominación xenérica: centro público.

Denominación específica: Escola Galega do Deporte.

Código do centro: 36024951.



Titular: Secretaría Xeral para o Deporte.

Domicilio: Padre Fernando Olmedo.

Localidade: Pontevedra.

Código postal: 36002.

Concello: Pontevedra.

Provincia: Pontevedra.

Segundo. Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá a docencia, así como o equipamento adecuado.

Terceiro. Esta orde dará lugar á correspondente inscrición no Rexistro de Centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. A titularidade do centro queda obrigada ao cumprimento da normativa vixente e a solicitar a oportuna revisión da autorización cando teña que modificarse calquera dos datos que se sinalan nesta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

